

Bo día,

En primeiro lugar pedir desculpas polo retraso na elaboración do Boletín, pero como veredes había asuntos a piques de resolverse que aconsellaban agardar. Trataremos de todos os xeitos que non volva acontecer. E sen máis informámosvos das novidades acontecidas dende o último boletín enviado.

1- Cambios na representación da AGPTU na XPDI:

Dende este mes de setembro incorpóranse á Xunta de Persoal Docente e Investigador no grupo da AGPTU D. Leandro Alejano Monge e Dña. Natividad Calvo Ruibal, en substitución de D. Manuel Megías Pacheco e Dña. Generosa Fernández Manín, respectivamente. Dende aquí agradecemos aos membros saíntes a súa adicación e esforzo, sabendo que os novos membros continuarán co traballo coa mesma ilusión.

2) Reunións da XPDI:

Celebráronse dúas xuntanzas. Na primeira tratouse a estratexia conxunta a desenvolver na negociación sobre as enquisas de avaliación docente (infórmase polo múdo deste tema no apartado seguinte), e a segunda (extraordinaria) celebrouse a pedimento dun compañeiro do PDI para tratar o asunto da reclamación sobre pagas extra (ver apartado 4)

3) Enquisas de avaliación docente.

Logo da presión unánime dos sindicatos, a Reitoría deu por fin o paso de convocarnos para iniciar a negociación sobre este tema. Nas diferentes xuntanzas celebradas (seis) participaron por parte da Reitoría o Vicerreitor de Profesorado, a Vicexerenta de Persoal e o xefe de Persoal da Universidade, e por parte da XPDI un representante de AGPTU (María Vera Isasa), un da CIG e un da UXT, ademais dos representantes dos comités laborais. Por fin, o 27 de xullo acadouse un acordo que foi asinado por todos os negociadores. En liñas xerais, o acordo, que debe aprobarse aínda en Xunta de Goberno, baixa a concesión automática do quinquenio para os profesores con informe favorable de Centro e Departamento a 2.5, e para os profesores cunha puntuación entre 1.5 e 2.5 establece un procedemento para acadar o 2.5 en base a outros méritos e/ou situacións particulares. Asemade, unha comisión específica intervirá de oficio cando un docente teña tres avaliacións negativas interesándose polas causas dese resultado e ofrecendo axuda se o interesado a demanda. Hai que dicir que non acadamos o obxectivo perseguido (a desvinculación) pero é evidente que o que temos é mellor que o que había. Por iso debemos felicitar a nosa representante na negociación, María Vera, pois ademais de asistir as reunións foi quen de artellar a proposta que finalmente, apoiada polos restantes sindicatos, foi tomada como base pola Reitoría.

4) Condicións salariais e contractuais.

Como sabedes, un compañeiro do PDI está a promover unha reclamación sobre as cantidades que se nos adebedan nas pagas extra. Cómpre dicir que dende a AGPTU apoiamos a reclamación (de feito moitos de nós nos sumamos a ela), pero entendemos que como organización debemos manter como prioridade a unidade de acción cos demais sindicatos. Relacionado con isto, e a pedimento deste compañeiro, celebrouse unha xuntanza extraordinaria da XPDI na que por unanimidade se acordou solicitar unha vez máis da Reitoría o aboamento das cantidades pendentes e facer deste un tema prioritario nas reunións de negociación coa equipa de goberno.

5) Formación dunha mesa de negociación estable

Finalmente, hai unha última novidade que pode ser relevante. A formación dunha mesa de negociación estable entre a Reitoría e os sindicatos. Esa mesa contará con representación da AGPTU e a intención das partes é que nela se traten todos os asuntos relacionados co PDI (vacacións, pagas extra, prevención e saúde laboral, etc.) co que se integrarán nela os comités que a XPDI creara especificamente para estes temas.

Polo de agora isto é todo. Non esquezaades que tedes a vosa disposición o noso enderezo electrónico: agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

AGPTU - VIGO